FACTORES QUE PERPETUAN A VIOLENCIA DE XÉNERO

UNICEF. Informe sobre Violencia doméstica. 2000

Culturais
1. A socialización específica de xénero
2. As definicións culturais dos roles sexuais diferenciados para mulleres e homes
3. As expectativas do cumprimento dos roles dentro das relacións afectivas
4. Crenza na superioridade inherente dos homes respecto das mulleres
5. Valores que dan aos homes dereitos de propiedade sobre as mulleres e as nenas
6. A noción sobre a familia como unha esfera privada e baixo control masculino
7. Costumes matrimoniais como o dote
8. A aceptación da violencia como un medio para resolver conflitos

Económicos
1. Dependencia económica das mulleres a respecto dos homes
2. Acceso limitado das mulleres ao diñeiro e aos créditos
3. Leis discriminatorias sobre herdanzas, dereitos de propiedade, uso de terras comunais e o seu mantemento despois do divorcio
4. Acceso limitado ao emprego tanto nos sectores formais como informais
5. Acceso limitado das mulleres á educación e á formación

Legais
1. Menor estatus legal das mulleres tanto nas leis escritas como na práctica
2. Leis sobre o divorcio, a custodia das fillas e fillos, pensións e herdanzas
3. Definicións legais da violación e do abuso na familia
4. Baixo nivel de formación legal entre as mulleres
5. Falta de sensibilidade no tratamento das nenas e mulleres por parte da policía e a xudicatura

Políticos:
1. Infrarrepresentación das mulleres no poder, na política, nos medios de comunicación, na medicina e no dereito
2. Non tomar en serio a violencia doméstica
3. A idea de que a familia é algo privado e fóra do control do estado
4. Risco de desafiar ao status quo e ás leis relixiosas
5. Falta de organización das mulleres como unha forza política
6. Falta de participación das mulleres no sistema político.

Engadirías a estes factores algún máis?

Coidas que o tratamento informativo da violencia contra as mulleres é o máis axeitado? Xustifica a túa resposta e imaxina unha campaña informativa sobre este tema.

Pensas que hai suficiente conciencia social sobre este tema e sobre a violencia en xeral?




# NOVEMBRO

| L | M | Me | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **1**<br>1786<br>Nace Mª de Todos los Santos Sánchez, loitadora independentista arxentina | **2**<br>1928<br>Nace Luisa J. Hdez Lavalle, novelista mexicana. Premio Nal. de CC e Artes en 2002 | **3**<br>1793<br>Olimpia de Gouges é guillotinada. "Os Dereitos da Muller e da Cidadá" | **4**<br>1868<br>Nace en Valga Carolina Otero Iglesias "La Bella Otero" raíña da Belle Epoque europea |
| **5**<br>1952<br>Nace Vandana Shiva. Loitadora contra as sementes transxénicas. Ecofeminista | **6**<br>1936<br>Federica Montseny. 1ª muller Ministra do Goberno da II República | **7**<br>50.000 obreiras desfilan en Londres en 1905, contra o ministro Balfour | **8**<br>2003<br>Fina Hava Rexha, a muller máis anciá de Albania e do mundo, con 123 anos | **9**<br>1977<br>Rosalyn Susman Yalow recibe o Nobel de Fisioloxía e Medicina. Técnica de RIA | **10**<br>2005<br>Ellen Johson, Presidenta de Liberia, primeira xefa de Estado dun país africano | **11**<br>1937<br>2ª Conf. Nacional de Mulleres Antifascistas. Preside Dolores Ibárruri Pasionaria |
| **12**<br>1651<br>Nace Sor Juana Inés de la Cruz, escritora. Destacada intelectual da súa época | **13**<br>Ás mulleres mariscadoras e ás outras que, como Rosa, viven e morren polo Mar | **14**<br>1985<br>Nace en Mallorca Elena Gomez Servera, Campioa do mundo de Ximnasia Artística | **15**<br>1978<br>Morre Margaret Mead, antropóloga. Estudos sobre as sociedades non industriais | **16**<br>1949<br>Nace Amelia Valcárcel, filósofa, feminista. Premio Miguel de Cervantes | **17**<br>1878<br>Nace Lisa Meitner. Colaborou no descubrimento da fisión. | **18**<br>1940<br>Nace, Margaret Atwood, a mellor escritora canadiana de lingua inglesa |
| **19**<br>1933<br>As mulleres españolas participan por 1ª vez nunhas eleccións democráticas | **20**<br>1941<br>Xulia Minguillón gaña o premio nacional de BB.AA. con "A escola de Doloriñas" | **21**<br>1922<br>Nace María Casares, actriz de orixe galega, exiliada despois da Guerra Civil | **22**<br>1990<br>Dimite Margaret Thatcher como Primeira Ministra do Reino Unido | **23**<br>1961<br>Nace Mila Ramos, poeta e cofundadora de Mulleres en Zona de Conflitos –MZC- | **24**<br>1908<br>Nace Libertad Lamarque, actriz e cantante arxentina. Protagoniza Madreselva | **25**<br>Día Internacional para a eliminación da violencia contra as Mulleres |
| **26**<br>1892<br>Nace en Menorca, Margarida Comas i Camps, científica e teórica da educación | **27**<br>1852<br>Morre Ada Byron. Escribiu o primeiro programa matemático para unha computadora | **28**<br>1895<br>Nace Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá | **29**<br>1832<br>Nace Louisa May Alcott, escritora estadounidense. Escribe "Mullerciñas" | **30**<br>1938<br>Nace Margarita Salas, bióloga molecular. Integrante da RAE | | |